



Referencias legais - Decreto 105/ setembro 2014 e a LOMLoe *DECRETO 155/2022, de 15 de setembro, por el que se establecen la ordenación y el currículo de la educación primaria en la Comunidad Autónoma de Galicia.*

Disposición adicional terceira. *Tarefas extraescolares*

1. Os centros docentes poderán incluír dentro da súa programación xeral anual, segundo o marco de autonomía pedagóxica e organizativa, as pautas e/ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares na etapa de educación primaria, de xeito que entronque co adecuado desenvolvemento das competencias clave do alumnado segundo os seus distintos procesos e ritmos de aprendizaxe, atendendo a un principio de progresividade ao longo da etapa educativa.
2. No caso do seu establecemento, terase en conta un adecuado encaixe na vida das familias, de xeito que se facilite a participación activa das mesmas na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer do alumnado. Ao tempo fomentarase a responsabilidade dos alumnos e alumnas na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.

Na etapa de Infantil as crianzas non levarán tarefas para realizar na casa. Soamente, de xeito excepcional levarán actividades de tipo experiencial ou cuestións para indagar sobre o proxecto ou temática que están a traballar nese momento na aula. Considerase que nesta etapa o máis importante é a calidade e a significatividade das experiencias que viven no seu día a día .

Na etapa de E.Primaria consideramos que as tarefas extraescolares deberían ter os seguintes obxectivos.

1. Reforzar ou ampliar o aprendido

Deben ser para reforzar e afianzar o aprendido naquel alumnado que o necesite tanto no referente aos contidos como a mellora nas destrezas instrumentais. Ao mesmo tempo deben servir para ampliar o aprendido a aquel alumnado que o demanda.

2. Aplicación práctica

As tarefas que se fagan na casa deben ser parte dunha aprendizaxe significativa.

Deben traballar os contidos dunha maneira competencial .

Ceip Alborada

Desta forma os contidos e habilidades adquiridos tenden a xeneralizarse(rutinas) e facerse máis funcionais e significativos.

3. Crear hábito de estudio

O tempo diario de dedicación “ás cousas do cole”, axuda a conformar un hábito de traballo e de estudio, de maneira que sexa unha actividade máis dentro da rutina da tarde. Ter un hábito de estudo será indispensable para afrontar as distintas etapas do sistema educativo.

Criterios que deberían cumprir as tarefas extraescolares

Para que cumpran o seu obxectivo e sexan unha actividade valorada e valorable deben cumprir, os seguintes criterios:

1. Unha actividade máis

Deben constituir unha actividade máis da tarde do alumnado. Ocupar un espazo no seu horario e debendo ser compatible con outras actividades. Trátase de dedicarlle un tempo a diario, dependendo da idade e das dificultades de aprendizaxe.

E difícil establecer unha cantidade de tempo concreto pero de maneira orientativa debemos guiarnos polo tempo de atención plena que pode ter un alumno ou alumna

- 15 minutos(1º e 2º de E.P.)
- 30 minutos (3º e 4º de E.P.)
- 50 minutos (5º e 6º de E.P.)

No cómputo de tempo inclúese o adicado a repaso ou memorización de contidos

.

Por tanto, non poden impedir que desenvolvemento doutras actividades necesarias: xogar, desfrutar do aire libre, convivir coa súa familia, realizar outras actividades extraescolares...

2. Deben saber facela sos

Se o obxectivo das tarefas extraescolares e reforzar o aprendido quere dicir que a maioría delas deben saber facelas o alumnado por si sós. Se necesitan da axuda continua dun adulto non estaríamos a falar de reforzar senon de aprender e a labor de ensinar corresponde aos mestres e mestras .

O profesorado debe tener moi en conta este aspecto e especificar cando a tarefa vai ser colaborativa coa familia.



3. Controlar a cantidade de tarefa

A escusa de que levan para casa o que non fan no cole non debe ser o criterio válido: os máis lentos levan sempre máis tarefa polo cal perxudicamos sempre a un tipo de alumnado .

Para ser o máis ecuánimes posible deberíamos ter claro os niveis e dificultades de aprendizaxe que temos na nosa aula e así establecer niveis de actividades: obrigatorias, a elixir entre un grupo ou voluntarias

4.-Disponibilidade na Aula Virtual

Na Aula Virtual deberá estar disponible traballo de reforzo e ampliación así vídeos explicativos de aqueles contados que se considere necesario.

Recoméndase que no caso de tarefas comúns a todo o grupo tamén esten dispoñibles en dita aula.

4. Tipos de actividades

Algunhas tarefas quizais teñan que ser de lápiz e papel: exercicios dos libros de texto, fichas, Pero debemos procurar outro tipo de actividades como poden ser buscar información, ver, preguntar, ler, aínda que non se fagan por escrito.

Debemos propoñer actividades que axuden ao noso alumnado a mellorar nas competencias do currículo e resulten motivadoras .

Coordinación coa familia

As familias deben estar informadas, tanto na paxina web do centro como nas titorías dos criterios que segue o centro para as tarefas extraescolares.

O profesorado debe informar de como vai proceder na súa aula. Deberá concretar a súa aplicación individual destas recomendacións para as tarefas extraescolares: cantidade, tipo.....


Cada mestre ou mestra ten dereito a ter unha maneira persoal de tratar este tema pero nos puntos principais non poderá contradecir o acordo de Claustro.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Ceip Alborada

Rúa San José de Calasanz 5A
15008 A Coruña
ceip.alborada@edu.xunta.gal
881961192-881961191



DOCUMENTO VIVO E REVISADO POLA CCP

APROBADO POLO CONSELLO ESCOLAR

29/ XUÑO /2023

APROBADO POLO CLAUSTRO

30/ XUÑO / 2023

ASDO .DIRECTORA DO CEIP PLURILINGÜE ALBORADA